

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 27 de xaneiro de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convocan as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para maiores de dezoito anos nas convocatorias de maio e setembro, e se ditan instrucións para a súa realización (código de procedemento ED540A).

Advertidos erros na antedita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 30, do luns 13 de febreiro de 2023, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 13521, na epígrafe décima, punto 2, onde di: «As probas celebraranse en sesións de mañá e tarde os días 19 de maio e 1 de setembro de 2023 para as respectivas convocatorias.», debe dicir: «As probas celebraranse en sesións de mañá e tarde os días 26 de maio e 1 de setembro de 2023 para as respectivas convocatorias».

Na páxina 13526, na epígrafe décimo terceira, punto 8.a), onde di: «Os días 1 de xuño e 7 de setembro de 2023...», debe dicir: «Os días 7 de xuño e 7 de setembro de 2023...». Na mesma epígrafe, no punto 8.c), onde di: «...será publicada os días 9 de xuño e 15 de setembro de 2023...», debe dicir: «...será publicada os días 16 de xuño e 15 de setembro de 2023...».

